

Concello de Outes

ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA¹

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia do Concello de Outes, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de *10 días naturais* a contar desde o día de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	<i>A carencia dunha ordenanza reguladora do servizo do Punto de Atención á Infancia (PAI) da lugar a unha regulación deficiente para poder facer fronte ó incremento da demanda en canto a horas de atención e á implantación de novos servizos complementarios. Para poder levarse a cabo ditas melloras é preciso regular mediante a aprobación dunha ordenanza que contemple tódolos aspectos relativos á prestación deste servizo.</i>
-------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

¹ Poderá omitirse este trámite cando a proposta non teña un impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigações relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia. De igual maneira, poderá prescindirse deste trámite no caso de normas orzamentarias ou organizativas da Administración Xeral do Estado, a Administración autonómica, a Administración local ou das organizacións dependentes ou vinculadas a estas, ou cando concorran razóns graves de interese público que o xustifiquen.



Concello de Outes

Necesidade e Oportunidade da súa aprobación	<i>Debido ó aumento de solicitudes de atención aos usuarios nos que se demandan mais horas de atención e novos servizos complementarios, a futura ordenanza responde á necesidade de regular o funcionamento do PAI para poder atender estas demandas repercutindo de maneira equitativa os custes do servizo para a súa mellora mantendo así a calidade do mesmo.</i>
Obxectivos da norma	<ul style="list-style-type: none">• <i>Regular o réxime xurídico, xestión, uso e custe do Punto de Atención á Infancia de Outes .</i>• <i>Atender toda a demanda existente.</i>• <i>Facilitar aso veciños-as de Outes a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral.</i>• <i>Dotar de estabilidade e formalidade o servizo do PAI</i>

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

